

**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/11/2020 10:37:53

**SAIDA 13101/20**

Reclamante: [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 95/2020**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 18 de agosto de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2020, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 18 de agosto de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Dirección Xeral de Persoas Maiores e con discapacidade do 20 de xullo de 2020, pola que se lle denega o acceso á información referente a datos de persoas en situación de dependencia beneficiarias da prestación de asistencia persoal.

O reclamante indicaba que considera que a denegación non está o suficientemente xustificada, e que o acceso solicitado en ningún caso fai referencia a datos persoais especialmente protexidos senón a datos xa tratados necesariamente pola administración no marco do procedemento para a concesión do servizo de asistencia persoal a persoas cun determinado grao de dependencia.

Considera que de acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais é o responsable do tratamento o que ten que levar a cabo o proceso de disociación ou anonimización dos datos que recompila na realización das súas funcións administrativas no ámbito das súas competencias, e en todo caso será o responsable do tratamento o que teña que contar co consentimento expreso do interesado, e cando a comunicación dos datos se realiza despois do correspondente procedemento de disociación, é indiferente que exista ou non consentimento do interesado

para a comunicación ou cesión de datos, aínda cando sexan datos especialmente protexidos, xa que os datos son totalmente anónimos.

Destacar que, os mesmos datos solicitados actualmente, xa nos foran facilitados pola propia Xunta de Galicia a este equipo de investigación no ano 2014.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 31 de agosto de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Política Social para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** Con data do 18 de setembro de 2020 a Consellería de Política Social contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a solicitude de acceso á información do interesado se fundamenta na análise da tendencia evolutiva do perfil das persoas en situación de dependencia recoñecida, beneficiarias da prestación económica de asistente persoal dentro do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD). Solicítase de xeito anonimizado, información relativa ao sexo, idade, concello de residencia, provincia, grao de dependencia, baremo aplicado para a valoración da situación de dependencia ou escala de valoración específica para menores de 3 anos, e a modalidade de contratación.

A Asistencia Persoal dentro do SAAD está configurada en Galicia como un recurso moi específico para persoas en situación de dependencia que presentan un proxecto de vida independente vinculado a un proxecto formativo ou ocupacional claro de participación comunitaria e dispoñen de capacidade de autoxestión persoal e directa da figura do asistente.

Xestiónase mediante a concesión dunha prestación económica que contribúe á adquisición do servizo de forma privada e cun número de horas en función de cada situación, non tendo como obxectivo financiar o 100% do custo do mesmo. Ao ser un recurso de baixa frecuencia de concesión, unicamente existen 134 persoas beneficiarias desta prestación.

De acordo co disposto no artigo 25 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento de datos persoais levado a cabo polos organismos que teñan atribuídas as competencias relacionadas co exercicio da función estatística pública someterase ao disposto na súa lexislación específica. A Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, dispón que o segredo estatístico amparará a totalidade de datos individualizados de orde privada, persoal, familiar, económica ou financeira utilizados para elaborar a estatística, e que a súa vulneración, non se produce unicamente pola comunicación directa de datos non autorizada, senón tamén pola comunicación de datos

dos que se poida deducir razoablemente información individual, sendo datos persoais os referentes a persoas físicas ou xurídicas que ou ben permitan a identificación inmediata dos interesados, ou ben conduzan pola súa estrutura, contido ou grao de desagregación á identificación indirecta dos mesmos. Por tanto, non é posible comunicar datos dos que pola súa baixa frecuencia, pola súa estrutura e desagregación permitan identificar razoablemente persoas e os seus datos persoais. Como criterio obxectivo para poder proporcionar a información anonimizada establécese que a desagregación conxunta solicitada non pode presentar unha frecuencia inferior o igual a 3, de xeito que non sexa posible identificar ou deducir información persoal das persoas beneficiarias da prestación. Indica que non se dispón de información relativa a modalidade de contratación do asistente persoal solicitada polo interesado.

De acordo co anterior e por tratarse de datos de carácter persoal especialmente protexidos dos beneficiarios da prestación de asistente persoal non é posible proporcionar o acceso a información solicitada por canto, a pesar da anonimización, non é posible garantir o segredo estatístico por tratarse de datos persoais facilmente deducibles no ámbito da información subministrada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas administracións das comunidades autónomas e o seu sector público, e polas entidades locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as comunidades autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

## **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

## **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a resolución impugnada ten data do 20 de xullo de 2020 e a reclamación se interpuxo con data do 18 de agosto de 2020, polo que debe admitirse por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado solicitou información de xeito anonimizado, referente ao sexo, idade, concello de residencia, provincia, grao de dependencia, baremo aplicado para a valoración da situación de dependencia, das persoas beneficiarias da prestación económica de asistente persoal dentro do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) da Consellería de Política Social.

Non cabe dúbida que a información solicitada, refírese a información cualificada de especial protección polo artigo 15 da Lei 19/2013, dado que se refire a información referente á saúde. O reclamante alega que debe ser o responsable do tratamento, neste caso a Consellería de Política Social, o que debe levar a cabo o proceso anonimización dos datos, e unha vez realizado este, non é necesario contar con consentimento expreso do interesado.

Se ben o anterior é certo, dunha forma detallada, a Consellería explica que a asistencia persoal é un recurso moi específico, para persoas en situación de dependencia e que se atopan nunhas determinadas circunstancias e é un recurso de baixa frecuencia de concesión, polo que o numero de beneficiarios en Galicia é unicamente de 134. Por tanto, aínda que os datos se anonimzasen, dos mesmos poderíase deducir razoablemente información individual, posibilitándose a identificación inmediata dos interesados, ou conducir á súa identificación de forma indirecta.

A Lei de transparencia ofrece a posibilidade de anonimización, e como ben alega o reclamante, nestes caso non é necesario o consentimento do afectado, aínda que se trate de datos de

especial protección. Para a realización dun proceso de anonimización, é necesario levar a cabo unha análise previa que nos dea a garantía de que valorando todas as circunstancias que concorran non caso, non é posible a reidentificación dos datos coas persoas ás que pertencen.

O Grupo de Traballo da Comisión Europea (Grupo de Traballo do Artigo 29 da Directiva 95/46/CE, en materia de protección de datos) establece que os datos anónimos son aqueles que se refiren a unha persoa física que non permita a súa identificación polo responsable do tratamento dos datos ou por calquera outra persoa, tendo en conta o conxunto de medios que poidan razoablemente ser utilizados por calquera, para identificala. É dicir, para considerar que un dato que en orixe se refería a unha persoa identificable está anonimizado, debe garantirse a imposibilidade que calquera poida reverter o proceso e reidentificala.

Por tanto, a anonimización esixe, ademais dunha enorme dilixencia para evitar erros, que o contexto non permita a un terceiro destinatario da información inferir datos persoais dos suxeitos concernidos. No presente caso, considérase que a Consellería de Política Social xustifica suficientemente que, dado o contexto, baixo número de beneficiarios da prestación económica de asistente persoal existente en Galicia, e dado que a información solicitada se refire a datos especialmente protexidos, existe un considerable risco de reversión da anonimización, o que suporía unha importante vulneración dos dereitos dos beneficiarios do programa. De acordo co anterior, por considerar que esta suficientemente xustificada a imposibilidade de anonimización coas garantías necesarias, procede a desestimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único:** Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 18 de agosto de 2020, contra a Resolución da Dirección Xeral de Persoas Maiores e con discapacidade do 20 de xullo de 2020, pola que se lle denega o acceso á información referente a datos de persoas en situación de dependencia beneficiarias da prestación de asistencia persoal.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por  
76706870F MARIA DOLORES  
FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2020.10.29 18:14:17 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**